



Presentamos recurso xudicial contra a o plan de ensino virtual e a actualización do protocolo

O sindicato recorre á vía xudicial ante a negativa da Consellaría a negociar as normas que afectan ás condicións de traballo e de protección da saúde do profesorado e cualifica de “temeridade” a obriga de acudir aos centros a conviventes de casos sospeitosos, o que se contradí ademais coas recomendacións de Sanidade.

O sindicato vén de rexistrar no TSXG un recurso contra as últimas normas aprobadas pola Consellaría de Educación, todas elas **sen negociación previa** e, no caso da última versión do protocolo, cun claro exemplo de **contradición entre a protección da saúde con carácter xeral para toda a poboación** (nunha orde de Sanidade na que se dan indicacións de permanecer nas casas á espera de que se confirme se a persoa sospeitosa de contaxio dá positivo ou non) e a que se impón para **o persoal dos centros educativos** (coa indicación de non quedar nas casas e seguir acudindo aos centros malia o risco que isto pode implicar).

A CIG-Ensino considera que a actuación unilateral da Consellaría de Educación supón unha **violación do dereito á negociación colectiva e á liberdade sindical**, así como unha **vulneración do procedemento legalmente establecido para á modificación de horarios**, xa que o Plan de Ensino Virtual implica, de feito, unha modificación das ordes que desenvolven os Regulamentos Orgánicos dos diferentes centros educativos.

Por outra banda, no que garda relación ao cambio de criterio sobre persoas conviventes ou contactos estreitos de persoas que poderían estar contaxiadas, o sindicato entende que se vén de producir unha violación do dereito á saúde da comunidade educativa e solicita a **paralización cautelar** desta medida. “Parécenos unha exposición gratuíta e innecesaria a un risco. Cun sistema áxil de seguimento e detección do virus, do que hoxe aínda carecemos (hai PCR que se fan de inmediato, outras que tardan días e outros casos nos que nin sequera



se fan), os confinamentos á espera de resultados do contacto serían breves. Porén, ir ao centro educativo sen saber se a persoa coa que convives deu positivo, é un risco non só para a persoa senón para o resto das persoas coas que traballa ou está na aula.

Contradición coas recomendacións da propia Consellaría de Sanidade

Esta decisión da Consellaría de Sanidade de influír para modificar o Protocolo de Educación está causando moito malestar e indignación entre a comunidade educativa, profesorado, alumnado e familias, porque choca frontalmente coas recomendacións que se manteñen para a poboación xeral e que veñen de ser referendadas no DOG ese mesmo día, o 4 de novembro. Na Orde pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia di textualmente o seguinte:

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

Así pois, os conviventes dun caso sospeitoso, como contacto estreito que son, teñen que permanecer no domicilio mentres non se obtén un resultado negativo da correspondente PCR. Así o establece a Consellaría de Sanidade nesta Orde para o conxunto da poboación galega e así esiximos que sexa tamén no que ten que ver cos centros educativos que nestes momentos xa albergan 1 cada 8 casos positivos do total en Galiza.

Contradición coas recomendacións do Ministerio de Sanidade

En contra do criterio que indica o SERGAS e aplica desde agora Educación tamén figuran as indicacións que proporciona o Ministerio de Sanidade, que claramente mantén o criterio de gardar corentena en casos de conviventes de persoas con sintomatoloxía susceptible de ser Covid á espera de resultados.

Que se facía até agora e en que consiste o cambio?

ATÉ O 5 DE NOVIEMBRE.

“Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro”.

DESDE O 5 DE NOVIEMBRE.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

¿Qué hacer ante síntomas de COVID 19 durante el curso escolar? Fuente: Ministerio de Sanidade

Si tienes síntomas compatibles con COVID-19 (fiebre, tos, sensación de falta de aire u otros)		→		Quédate en casa: <ul style="list-style-type: none">• Contacta con tu centro de salud o con quien tu comunidad autónoma haya designado.• Si tienes síntomas de gravedad llama al 112.• Permanece en tu domicilio, en aislamiento.• Sigue las indicaciones del profesional sanitario.
Si convives en el mismo domicilio con alguien que empieza con síntomas		→		Quédate en casa en cuarentena.
Si eres un contacto no conviviente de alguien que ha empezado con síntomas		→		Puedes acudir al centro educativo. <ul style="list-style-type: none">• Vigila si aparecen síntomas.• Extrema las medidas de prevención e higiene.

Ademais, da denuncia xudicial a CIG-Ensino denunciou esta contradición nun escrito remitido conxuntamente aos conselleiros de Educación e de Sanidade no que insta a ao departamento de Sanidade a unificar os criterios co obxectivo de reducir o risco de contaxio que debe ser o criterio sanitario a aplicar nestes momentos.